

- IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL - IV.2 MUNICIPAL - PORTO DO SON

ANUNCIO Pág. 9628 Reg. 10905-x.

Anterior

Siguiente

Aprobación definitiva Ordenanza prezo público pola utilización de servicios informáticos e impartición de cursos

O Pleno do Concello de Porto do Son, en sesión ordinaria celebrada o 28-05-2004, acordou aprobar provisionalmente o establecemento da ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de servicios informáticos e impartición de cursos de informática e outros cursos na aula de informática, nas casas de cultura e noutros edificios municipais do concello.

Unha vez exposto o acordo ao público polo período de trinta días soltos median te anuncio publicado no B.O.P. de data 13-07-2004, número 159, sen que durante devandito período se presentaran reclamacións, elévase a definitivo o referido acordo e procédese a publicación do seu texto íntegro de acordo co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA UTILIZACIÓN DE SERVICIOS INFORMÁTICOS E IMPARTICIÓN DE CURSOS DE INFORMÁTICA E OUTROS CURSOS NA AULA DE INFORMÁTICA, NAS CASAS DE CULTURA E NOUTROS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO.**

**Artigo 1º . Concepto**

De conformidade co disposto no artigo 2.1.e), en relación co artigo 41, ámbolos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público por utilización dos servicios da Aula de Informática do Concello de Porto do Son e pola impartición de cursos de informática e outros cursos nas Casas de Cultura do Concello e outros edificios municipais.

Poderán ser usuarios da Aula de Informática e outros edificios municipais tódalas persoas físicas ou xurídicas que soliciten a utilización do servicio e as entidades que desenvolvan actividades de interese municipal ou de clara relevancia cultural.

Poderán asistir as clases de informática e outros cursos e actividades impartidos nas Casas de Cultura das diferentes parroquias do Concello e outros edificios municipais organizados polo propio Concello, tódalas persoas físicas que así o soliciten.

#### Artigo segundo: suxeitos obrigados ó pagamento

Son suxeitos obligados ó pagamento as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a utilización do servicio da aula de informática, ou as que resulten beneficiadas por este, así como as persoas físicas que asistan as clases de informática e outros cursos e actividades organizadas polo Concello, nas diferentes Casas de Cultura.

#### Artigo Terceiro: actividades gravadas.

1. Constitúen servicio ou actividade gravada por este prezo público a prestación de servicios da Aula de Informática do Concello de Porto do Son, consistente en:

a) Cursos ou actividades de informática programados e impartidos por profesores que impliquen conexión á rede telefónica (Internet, correo electrónico), ou non impliquen conexión á rede telefónica (ofimática, xogos..)

b) Utilización de ordenadores, por horas, por parte das persoas físicas.

c) Cesión temporal da aula de informática e as súas instalacións ás persoas xurídicas e/ou empresarios individuais para a realización de cursos ou actividades, non organizadas polo propio Concello.

2. Do mesmo xeito, constitúen servicio ou actividade gravada por este prezo público a impartición de cursos ou actividades de informática organizados polo Concello, nas diferentes Casas de Cultura, que impliquen ou non conexión á rede telefónica, así como a impartición de outros cursos ou a realización de outras actividades socioculturais.

#### Artigo cuarto: Contía das actividades gravadas

1. O importe do prezo público fixado cubrirá, como mínimo, o custo do servicio prestado, podendo así fixarse un prezo público por debaixo do custo cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, especialmente nos casos enunciados no artigo sexto da presente Ordenanza.

2. A contía do prezo público determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Tarifa primeira: cursos ou actividades programadas de informática, organizadas polo Concello, na Aula de Informática, nas Casas de Cultura do Concello ou en outros edificios municipais:

-Que non impliquen conexión á rede telefónica: 1 euro/hora de curso ou actividade.

-Que impliquen conexión á rede telefónica: 1,5 euros/hora de curso ou actividade.

Tarifa segunda: utilización persoal dos ordenadores.

- persoas en xeral: 0,60 euros/hora/usuario.

-titulares do Carné Xove: 0,30 euros/hora/usuario.

Tarifa terceira: cesión da aula de informática e as súas instalacións ou das Casas de Cultura para realizar cursos ou actividades de informática non organizadas polo Concello:

-Para entidades con ánimo de lucro: 15 euros/hora.

-Para entidades sen ánimo de lucro: 7,5 euros/hora.

Tarifa cuarta: asistencia a cursos ou actividades socioculturais organizadas polos departamentos de Cultura ou Servicios Sociais:

-O prezo das matrículas cubrirá o 100% do custo total do curso ou actividade, segundo o estudio de custos presentado polos Departamento de Cultura ou Servicios Sociais na súa proposta, correspondendo á Comisión de Goberno a aprobación individualizada de cada prezo á vista das propostas presentadas.

3. Sobre as anteriores tarifas establecense as seguintes reduccións:

a) cursos ou actividades programadas polo Concello para determinados colectivos considerados desfavorecidos, previo informe da área de Servicios Sociais, e/ou que sexa necesaria para a súa formación nese campo, previo informe da área de Educación: de carácter gratuito ou cunha reducción de ata un porcentaxe 50%, de acordo coa proposta dos informes emitidos.

b) persoas que acrediten formar parte duna familia numerosa, para cursos ou actividades programadas, a contía verase reducida nun 50%.

c) cando se inscriban en cursos ou actividades programadas máis dun irmán dunha unidade familiar, que non formen familia numerosa, ó primeiro cobraráselle o 100%, e ó seguinte o 50% da cota.

d) as persoas debidamente inscritas no Rexistro de Voluntarios do Concello estarán exentos do pago das tarifas primeira e cuarta previstas nesta Ordenanza.

e) as persoas perceptoras de pensións non contributivas estarán exentas do pago das tarifas previstas nesta Ordenanza

As reducción previstas nestes apartados non son acumulables entre si.

Artigo quinto: obriga de pagamento.

A obriga de pagamento nace sempre dende que se inicia a prestación do servicio. No caso de cursos ou actividades programadas, enténdese que o inicio da prestación do servicio coincidirá coa primeira clase ou hora do curso ou actividade.

Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo público, o servicio non se preste, procederá a devolución do importe correspondente.

#### Artigo sexto: normas de xestión e pagamento.

As solicitudes para admisión en cursos ou actividades programados polo Concello na Aula de Informática e nas Casas de Cultura do Concello ou para a utilización por cesión da Aula de Informática e as súas instalacións dirixiranse ó Alcalde Presidente do Concello de Porto do Son, sendo informadas e tramitadas polo servizo de Cultura ou de Servicios Sociais, segundo corresponda, do Concello de Porto do Son. As autorizacións para a utilización por cesión da Aula de Informática e instalacións, así como a admisión ós cursos ou actividades de informática e outros cursos e activades socioculturais serán concedidas polo Alcalde Presidente do Concello de Porto do Son e notificadas ós interesados.

Dende a data de recepción ou notificación, o importe do prezo público farase efectivo por ingreso directo nas entidades colaboradoras do Concello e sempre antes da iniciar a utilización dos Servicios da Aula de Informática ou dos cursos ou actividades nas Casas de Cultura do Concello.

Para a utilización dos ordenadores por horas, por parte das persoas físicas, estenderanse "talonarios de uso" por importe de tres euros. Pagarase o prezo público na entidade bancaria e co comprobante de pagamento recollerase o "talonario de uso" nas dependencias do Concello que para isto se determinen.

As débedas non satisfeitas nos termos deste artigo esixiranse pola vía de constrinximento de acordo co que dispón o Regulamento Xeral de Recadación.

#### Artigo séptimo: outras obrigas.

Os solicitantes para a admisión en cursos ou actividades de informáticos programados polo Concello na Aula de Informática e nas Casas de Cultura do Concello, para a utilización por cesión da Aula de Informática e as súas instalacións ou para o uso persoal dos ordenadores deberán estar ó corrente do pago das débedas contraídas co Concello de Porto do Son por calquera concepto.

Os solicitantes dos referidos servicios deberán tratar o material da Aula ou das Casas de Cultura debidamente, sen causar danos nel. No caso de que existiran no Concello antecedentes de maltrato ou danos causados no referido material, poderase denegar, previo informe do servizo de Cultura, a referida solicitude.

O Concello de Porto do Son, por medio do órgano encargado da administración deste prezo público, no caso de cesión da Aula de Informática ou das Casas de Cultura, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, dos desperfectos que poidan producirse nos ordenadores ou calquera outro material da Aula ou das casas de Cultura por facer mal uso do referido material. O depósito previo poderá constituírse en metálico ou aval bancario, ou substituírse por unha póliza de seguros que cubra o referido risco.

Devolverase o seu importe, previo informe do Servicio de Cultura do Concello, no que conste que non se causaron danos ou que estes foron reparados.

Artigo oitavo: delegación na Comisión de Goberno.

No suposto de que o servicio ou actividade de informática ou outros cursos o actividades socioculturais a desenvolver na Aula de Informática ou nas Casas de Cultura do Concello, previa autorización, non se encontre tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delégase na Comisión de Goberno, conforme os artigos 48 da lei 39/88, de 28 de decembro, e 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización da mesma, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor e comenzará a aplicarse ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial de A Coruña, e transcorrerá o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de Bases de Régime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Porto do Son, 29 de setembro de 2004.

O Alcalde

Asdo) D. Ramón Quintáns Vila.